



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN RONSEL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE MENTORES DE EMPRENDEMENTO RETORNADOS (PROGRAMA MERLO).**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación Ronsel o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que esta Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca nunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrencia pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecer ás persoas emprendedoras galegas retornadas o maior apoio posible para consolidar os seus negocios na Comunidade autónoma galega,

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os sevizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente Convenio para o desenvolvemento dun programa de mentores de emprendemento retornados (Programa Merlo).

O programa vai dirixido a persoas beneficiarias das subvencións convocadas pola Secretaría Xeral da Emigración para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade autónoma galega.

O obxecto xeral deste programa de mentores é apoiar e acompañar ás persoas galegas retornadas, aos seus cónxuxes ou persoas con unión análoga e aos seus descendentes no desenvolvemento e consolidación dos seus negocios ou actividade profesional, cunha maior garantía de éxito que favoreza a súa integración social e empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Ronsel é unha fundación de carácter privado sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro de Fundación de Interese Galego co número 2000/19 que ten por obxecto no seus estatutos o desenvolvemento e fomento económico galego, e moi en particular, a creación de emprego, así como a mellora competitiva do tecido empresarial. Así mesmo, ten acreditada unha ampla experiencia no desenvolvemento de servizos de asesoramento para a orientación laboral e programas específicos dirixidos ás persoas migrantes, entre as que están incluídas as persoas emigrantes retornadas, así como no desenvolvemento de programas dirixidos a prestar asesoramento e orientación aos emprendedores para o establecemento do seu negocio.

A fundación é un referente en Galicia no uso da ferramenta de mentoría e é membro desde o ano 2015 da Red de Youth Business Spain, que pertence a Red Youth Business Internacional (presente en 54 países) coa que desenvolven esta metodoloxía de mentoría co obxeto de promocionar e prestar apoio ao emprendemento principalmente dirixida ao autoemprego e a creación de emprego. A Fundación Ronsel aplica unha metodoloxía de mentoría na que mentor ou mentora traballan mediante a transferencia da súa experiencia e coñecementos á persoa mentorizada, contribuíndo así ao seu crecemento profesional e persoal, sen interferir na súa toma de decisións.

En base ao exposto, esta fundación está a desenvolver un programa de mentores dirixido a emprendedores galegos retornados, no que se presta un servizo de acompañamento por medio dunha figura dun mentor que reforce as súas habilidades e fortalezas para potenciar e consolidar os seus proxectos profesionais cunha maior garantía de éxito e contribuír, deste xeito, a mellorar a competitividade e produtividade do seu negocio na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía global de **cen mil euros (100.000,00 €)**. Esta achega farase con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 Fondo COVID-19 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do provedor fundaméntase, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

